




# PUCA QUERE SABER SOBRE...



## SERES MÍTICOS E LENDAS GALEGAS

### A forza das lendas

No libro novelízase a lenda da Coca de Redondela. Un universo simbólico que aínda pervive entre nós.

### A loita do ben contra o mal


O monstro actúa coma o mal absoluto irracional fronte á civilización humana.

### O xénero histórico-fantástico

O libro recrea tropos propios deste xénero, a cabalo entre a realidade histórica e a fantasía.



QUE IMOS  
TRABALLAR?



---

## **"COCOTIBUR". ASÍ COMEZA...**


---

A misteriosa desaparición de tres raparigas nunha vila costeira galega e a súa intensa e dificultosa busca son o fío condutor desta historia de fantasía que bebe directamente das lendas da tradición oral. A imaxinación, os mitos, a maxia e os costumes populares están presentes no desenvolvemento dos funestos acontecementos que se narran, e que teñen como escenario principal a histórica enseada de San Simón.

---

***LOGO DE LER A SÚA DESCRICIÓN... DEBUXA E  
DESCRIBE O COCOTIBUR.***

---



## O CONTEXTO: A ENSEADA DE SAN SIMÓN


NA VILA DE REDONDELA



**DOCUMENTÁMONOS SOBRE ESTE LUGAR TAN MÁXICO FACENDO UN PERCORRIDO A TRAVÉS DA SÚA HISTORIA E PATRIMONIO NATURAL.**

**1. VISITA AS SEGUINTES PÁXINAS E APUNTA AQUELES DATOS QUE CHE CHAMARAN A ATENCIÓN SOBRE ESTE LUGAR:**

- Sobre a súa [biodiversidade](#)
- Algo sobre a súa [historia](#). [VIDEO](#)
- [Flora e fauna](#) predominante.
- [Julio Verne e a illa de San Simón](#).



Coloca a Illa de San Simón e [Cervo](#) no mapa e analiza cantos km hai de distancia dende o noso colexio.

[Emprega o google.maps.](#)

km

---

## OS MITOS E AS LENDAS

---

Un mito non é máis que un **relato imaxinario** baseado na tradición e a lenda creado para explicar o universo, a orixe do mundo, os fenómenos naturais ou todo aquilo que **non ten explicación sinxela**.

Os mitos adoitan conter un ou varios **seres mitolóxicos** que protagonizan esa historia, que adoita ser transmitida de xeración en xeración de xeito oral.

Un ser mitolóxico é unha **criatura lendaria propia da tradición** escrita ou oral dun pobo e que protagoniza un mito. Ademais de nos libros de Bibliocervo tamén nestas páxinas podedes coñecer moitos destes seres mitolóxicos e outras **LENDAS GALEGAS**:

- [SERES MITOLÓXICOS I](#)
- [SERES MITOLÓXICOS II](#)
- [LENDAS GALEGAS](#)

---

## A LENDA DA COCA DE REDONDELA (VIDEO)

---


A **coca** ou **tarasca** é un ser que vive nas augas do mar ou dos ríos. É un animal monstruoso con corpo de dragón e cola de serpe, e do lombo nácenlle dúas enormes ás, semellantes ás dos morcegos. Ten catro patas armadas de fortes gadoupas, e na súa faciana aluman uns ollos terribles, sobre unha enorme boca con agudos dentes.

A tradición oral di que a COCA se presentou un día en Redondela. Xurdiu das ondas do mar, que estaba moi embravecido, e nun veloz ataque devorou a dúas raparigas que xogaban na praia da vila. Repetiu moitas veces o seu ataque, levando sempre as máis fermosas cativas. Os veciños de Redondela escolleron en assemblea os vinte e catro homes máis fortes e destemidos, coa encomenda de atacar a tarasca na súa próxima aparición. A campá da igrexa deu o aviso da chegada do monstro e os elixidos acosárona e déronlle morte coas súas espadas. Formouse de contado unha gran procesión e ó redor da besta morta os loitadores iniciaron unha danza, as mozas seguiron o baile erguendo nos ombreiros as meniñas máis novas, e danzando con elas en alto.


Pénsase que aí ten a súa orixe a [Festa da Coca](#) en Redondela e [a danza das espadas e o baile das penlas](#), cos que anualmente se celebra a morte da coca.

**DEBUXA A COCA DE REDONDELA. CRES QUE TEN ALGÚN PARECIDO CO COCOTIBUR?**





Sitúa o concello de Redondela no mapa de Galicia.



En que provincia se atopa? \_\_\_\_\_

Explica coas túas palabras que é un mito e un ser mitolóxico? Coñeces algún outro? Elixo un, investiga sobre el e debúxao.



MITO OU LENDA: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

SER MITOLÓXICO OU LENDARIO: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



AGORA ATRÉVESTETE A CONTAR ESTA LENDA, EXPLICAR O QUE É A COCA OU OUTROS SERES MITOLÓXICOS NUN PROGRAMA DE RADIO OU A TRAVÉS DE PODCAST?



# PUCA COÑECE SERES MITOLÓXICOS E LENDARIOS GALEGOS QUE DAN MEDO!



NOME

DESCRIPCIÓN

DEBUXO



# PUCA COÑECE SERES MITOLÓXICOS E LENDARIOS GALEGOS QUE DAN MEDO!


## A COCA DE REDONDELA




QUE E COMO É?

-----

\_\_\_\_\_







# PUCA COÑECE SERES MITOLÓXICOS E LENDARIOS GALEGOS QUE DAN MEDO!



## A MARUXAINA

QUE É?

